



INFORME DA INTERVENTORA DELEGADA Á CONTA XERAL **EXERCICIO 2020**

REF: INT/2021/000003

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, desenvolvemento da Lei 39/1998, en materia de orzamentos.
- Orde do 20 de setembro de 1989 sobre estrutura de Orzamentos das Entidade Locais.
- Orde EHA/3565/2008 do 3 de decembro de 2008 sobre estrutura de orzamentos das Entidade Locais. Vixente a partir do orzamento do exercicio 2010.
- Orde HAP/1781/2013 do Ministerio de Facenda, do 20 de setembro, Instrución do modelo Normal de Contabilidade Local.
- Orde HAP/1489/2013, de 18 de xullo, pola que se aproba as normas para a formulación de contas anuais consolidadas no ámbito do sector público.
- Real Decreto 424/2017, 28 de abril, Réxime Xurídico do Control interno das Entidades do Sector Público Local.

A-CONTIDO

A Conta Xeral dunha Corporación Local, configúrase como un documento básico para o exercicio das funcións fiscalizadoras, ó reflectir, debidamente ordenadas e sistematizadas as cifras representativas da aprobación, execución e liquidación do presuposto, do movemento e situación da Tesourería, da xestión do Patrimonio, da Débeda da Entidade e das operacións non presupostarias.

O artigo 208 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece que as Entidades Locais, ó remate do exercicio presupostario,

formularán e elaborarán os estados e contas anuais, os cales comprenderán tódalas operacións presupostarias, independentes e auxiliares, patrimoniais e de tesourería levadas a cabo durante o exercicio. Á súa vez o artigo 212.1 establece cós estados e contas da OOAA rendidas e propostas inicialmente polos Órganos competentes da mesma serán remitidas á Entidade Local, para integrarse dentro da Conta Xeral do Concello.

A regra 45 da nova Instrución de contabilidade, desenvolve o contido da Conta, establecendo que estará composta polos seguinte Estados contables:

- 1-Balance.
- 2-Conta do Resultado Económico-Patrimonial.
- 3-Estado de Cambios no Patrimonio Neto.
- 4-Estado de Fluxos de Efectivo.
- 5-Estado de Liquidación do presuposto.
- 6-Memoria.

Establecendo como documentación complementaria:

- Actas de Arqueo
- Certificacións das Entidades Bancarias e Estado conciliatorio, en caso necesario.
- Contas anuais das sociedades mercantís con participación maioritaria.
- Contas das unidades dependentes da Entidade Local contidas na Lei Orgánica 2/2012 non comprendidas nos apartados anteriores.

A Fundación de Deportes non ten participación en ningunha sociedade mercantil, nin conta con unidades dependentes, polo que non se incorpora documentación ao respecto.

Dentro da Memoria figuran as subvencións correntes concedidas durante o exercicio, tratase de tres liñas de subvención: Deporte Federado, Actividades Extraordinarias e Concesión directa. Nos dous primeiros casos son subvencións por actividades realizadas durante o exercicio 2019, xa que dende a anulación no orzamento do ano 2011 da aplicación correspondente as subvencións do ano en curso, optouse por trasladalas ao exercicio seguinte para non deixar as entidades sen subvención durante un exercicio presupostario, situación que segue a producirse. Non se concederon subvencións de capital.



Tamén reflíctense as subvencións recibidas das Administracións Públicas e aportacións de empresas e particulares. Dentro do listado emitido polo programa contable de subvencións recibidas se contempla a transferencia anual que recibe a Fundación de Deportes do Concello de Vilagarcía de Arousa, que se desglosa en correntes e de capital, pero debe terse en conta que se considera transferencia interna entre o Concello e o seu organismo autónomo.

O significado e resultados obtidos durante o exercicio de 2020, plasmados nos Estados Contables anteriores, resúmense nos seguintes puntos:

1) - BALANCE

O Balance é un estado contable que mostra a situación patrimonial e financeira da entidade nunha data determinada. A nova estrutura do Balance comprende: Activo, Patrimonio Neto e Pasivo. O Balance a 31 de decembro de 2020 ascende a 1.323.241,02 €, tanto en Activo, como en Patrimonio Neto mais Pasivo. Considerando o Activo como os bens e dereitos da entidade, o Pasivo recolle as obrigas e o Patrimonio Neto refírese aos fondos propios.

O Activo se divide en Activo corrente e Activo Non Corrente en función da liquidez do mesmo.

O Patrimonio Neto divídese en patrimonio neto, patrimonio xerado, os axustes por cambio de valor e as subvencións recibidas pendentes de imputar a resultados. O Pasivo a súa vez comprende o Pasivo Corrente e o Pasivo Non Corrente en función da súa esixibilidade.

Os valores mais destacables do Activo correspóndense co Inmobilizado Material e os Debedores a cobrar, que se corresponde coa transferencia do Concello.

No Patrimonio Neto destaca o Patrimonio Xerado e no Pasivo o dato mais importante correspóndese co Pasivo Corrente.

Non existen anotacións na conta 413 “acretores por operacións pendentes de aplicar ó presuposto”, e dicir, son gastos pendentes de aprobar por falta de crédito ou por ter coñecemento dos mesmos no momento do peche do exercicio.

A continuación pasamos a realizar un estudo mais detallado do Balance de Situación e a súa evolución o longo dos últimos anos:

	2016	2017	2018	2019	2020
ACTIVO NON CORRENTE	783.797,27	799.764,73	833.026,00	849.214,45	927.089,43
ACTIVO CORRENTE	361.795,95	305.508,98	279.747,28	253.241,47	396.151,59
DEBEDORES C/P	303.836,20	110.351,79	37.452,88	221.000,05	329.000,05
TESOURERÍA	57.959,75	195.157,19	242.294,40	32.241,42	67.151,54
TOTAL ACTIVO	1.145.593,22	1.105.273,71	1.112.773,28	1.102.455,92	1.323.241,02
PATRIMONIO NETO	992.003,00	1.012.716,17	1.063.041,08	1.087.253,98	1.171.651,15
FONDOS PROPIOS	992.003,00	1.012.716,17	1.063.041,08	1.087.253,98	1.171.651,54
Pasivo non corrente	0	0	0	0	0
Pasivo corrente	153.590,22	92.557,54	49.732,20	15.201,94	151.589,87
TOTAL PASIVO	1.145.593,22	1.105.273,71	1.112.773,28	1.102.455,92	1.323.241,41
FONDO MANIOBRA	208.205,73	212.951,44	230.015,08	238.039,53	244.561,72
FM/tesourería	359,22%	109,12%	94,93%	738,30%	364,19%

O activo non corrente deberá ser analizado e saneado cando se proceda a realizar o inventario municipal e o inventario da Fundación de Deportes, tendo en conta que as instalacións deportivas son instalacións municipais. O activo corrente aumenta con respecto ao exercicio anterior, polo aumento da tesourería e aumento dos debedores a cobrar.

O Patrimonio Neto aumenta debido ao patrimonio xerado a través resultados do exercicio e o pasivo corrente aumenta a consecuencia do aumento das débedas e acredores a curto prazo. A partir destes datos calculamos os porcentaxes que nos permitan ver a composición do Balance.

	2016	2017	2018	2019	2020
I. Estructura do Activo					
ANC/AT	68,42%	72,36%	74,86%	77,03%	70,06%
AC/AT	31,58%	27,64%	25,14%	22,97%	29,94%
ANC/AC	216,64%	261,78%	297,78%	335,34%	234,02%
II. Estructura do Pasivo					
PN/PT	86,59%	91,63%	95,53%	98,62%	88,54%
PNC/PT	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
PC/PT	13,41%	8,37%	4,47%	1,38%	11,46%
PNC/PC	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
III. Fondo de Manobra					
PN-ANC	208.205,73	212.951,44	230.015,08	238.039,53	244.561,72
AC-PC	208.205,73	212.951,44	230.015,08	238.039,53	244.561,72
IV. Financiamento do Activo corrente					
(PN-ANC)/AC	57,55%	69,70%	82,22%	94,00%	61,73%

Debemos ter en conta as seguintes definicións dos indicadores:

- ANC: activo non corrente.
- AT: activo total.
- AC: activo corrente.
- FM: fondo de manobra.
- PN: patrimonio neto.
- PT: pasivo total.
- PNC: pasivo non corrente.
- PC: pasivo corrente.

O ÍNDICE DE LIQUIDEZ INMEDIATA: Representa a capacidade da Fundación para facer fronte dun xeito inmediato ás súas obrigas.

	2016	2017	2018	2019	2020
Fondos líquidos	57.959,75	195.157,19	242.294,40	32.241,42	67.151,54
Obrigas pendentes de pago	138.820,32	77.640,60	34.509,76	2.526,14	79.492,57
Índice de liquidez	41,75%	251,36%	702,10%	1276,31%	84,48%
Dereitos pendentes de cobro	299.100,09	105.615,68	37.452,78	221.000,05	329.000,05

O ÍNDICE DE SOLVENCIA: Este índice representa a capacidade que ten a Fundación, cos seus fondos líquidos e o que lle deben, para facer fronte ás súas obrigas. O valor do índice axeitado ten que ser superior a 1, aínda que en calquera caso debe terse en conta a clase de debedores e acredores.

2016	2017	2018	2019	2020
2,572101	3,873912	8,106321	100,248391	4,983505

Tanto o índice de liquidez como o de solvencia dependen directamente das aportacións do Concello, xa que debemos ter en conta que a fonte principal de financiación do organismo autónomo e a transferencia que recibe da entidade matriz. Neste exercicio as dúas magnitudes descenderon significativamente, xa que debido a falta de actividade pola pandemia e a consecuente redución de gasto corrente realizáronse ao final do exercicio compras de acopio e gasto de inversións que estaban previstas para vindeiros anos para aproveitar o crédito presupostario dispoñible, pero no que afecta aos ingresos non foi posible o ingreso da aportación do Concello dentro do exercicio presupostario.

2) - CONTA DE RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL

Reflicte o resultado, beneficio ou perda do exercicio dende un punto de vista económico-patrimonial, é dicir, diferenza entre, por un lado, ingresos e beneficios do exercicio e por outro, gastos e perdas do mesmo. (Grupos 6 e 7 do Plan de Contas).

En definitiva nos mostra si cos recursos actuais da Entidade se cobren os gastos dos servizos ofrecidos.

Presenta unha serie de novidades con respecto aos exercicios anteriores ao 2016: figura en forma de lista, ofrece distintos resultados intermedios.

A conta de resultados reflexa un superávit por importe de 84.397,17 €, que se corresponde co resultado do exercicio do Balance de Situación, este resultado debese a baixa actividade realizada con motivo da pandemia Covid-19.

3) - ESTADO DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO.

Tratase dun novo estado que se incorpora ás contas anuais e informa da contía e composición do patrimonio neto da Entidade e as causas ou motivos da súa variación. A obtención deste estado basease nos grupos 8 e 9 do novo Plan Contable. Consta de tres documentos :

A- Cambios no patrimonio neto: recolle un resumo dos cambios do patrimonio neto para cada un dos apartados que compón o patrimonio neto dunha entidade e desglosando estas variacións en función de axustes por cambios de criterios contables, por ingresos e gastos recoñecidos no exercicio, por operación patrimonial coa entidade propietaria e outras variacións no patrimonio neto.

Durante o exercicio 2020 este apartado mostra unha variación do Patrimonio Xenerado con motivo dos ingresos e gastos recoñecidos polo importe de 84.397,17 €. Non habendo outras variacións.



B- Estado de Ingresos e gastos recoñecidos- que recolle o resultado económico-patrimonial da entidade e os ingresos imputados directamente ao patrimonio neto, así como os traspasos á conta de resultado económico-patrimonial. A variación e a xa mencionada no apartado anterior de 84.397,17€ correspondente ao resultado económico-patrimonial.

C- Operacións patrimoniais coa entidade propietaria- onde se recolle as operacións realizada coa entidade propietaria, distinguindo as operacións patrimoniais doutras operacións. O estado reflexa para 2020 as operacións realizadas entre a Fundación de Deportes e o Concello correspondentes á transferencia que a entidade matriz realiza ao organismo autónomo, que figura no documento de outras operacións coa entidade propietaria por non ser operacións patrimoniais, ascendendo a cantidade de 1.041.670,86 €.

4) - ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO.

Tratase tamén dun novo estado que informa sobre a orixe e o destino dos movementos que se realizan nas partidas monetarias, e dicir, no efectivo (tesourería depositada na caixa da entidade e en depósitos bancarios) e outros activos líquidos equivalentes (aqueles con prazo de vencemento non superior a tres meses), e indica a variación neta sufrida polos mesmos no exercicio. Non se recolle os movementos internos de tesourería.

O Estado de fluxos de efectivo agrúpase por tipos de actividade: actividades de xestión, actividades de inversión, actividades de financiación; efectivo pendente de clasificación e efectivo das variación dos tipos de cambio.

Na Fundación de Deportes só hai fluxos de efectivo por actividades de xestión (52.839,90 €) e por actividades de Inversión (-17.929,78 €). resultando un Incremento do efectivo polo importe de 34.910,12 €. O efectivo e activos líquidos ao final do exercicio ascende a 67.151,54 €.

Estes resultados mostran que a Fundación de Deportes non tivo a actividade de exercicios anteriores, polo que aumentou o efectivo, sendo negativo o fluxo de inversións e positivo o fluxo de xestión ordinaria.

5) - LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO.

Segundo a Instrución de Contabilidade, componse de tres partes:

- Liquidación de Gastos.
- Liquidación de Ingresos.
- Resultado Presupostario.

A liquidación do Presuposto de Gastos, debe detallarse a nivel de artigo e presenta-la información referente a créditos autorizados, obrigacións recoñecidas e os remanentes de crédito, así como o desenvolverse dos pagos presupostados.

A Liquidación do Presuposto de Ingreso, conterá a información relativa á liquidación do Estado de Ingresos, desenvolvemento dos compromisos de ingresos, do proceso de xestión e do recoñecemento e pago das devolucións de ingresos presupostarios.

O resultado presupostario, indica a diferenza entre os dereitos recoñecidos netos e as obrigacións recoñecidas netas a favor de terceiros, cos axustes correspondentes en canto a obrigas recoñecidas financiadas con remanente de tesourería e das desviacións de financiamento do exercicio.

En cifras o resultado obtido coa execución do Presuposto anual de 2020, presenta un saldo positivo de 6.522,19 €, non habendo desviacións positivas e negativas de financiamento, segundo se especifica no resultado presupostario anexo á liquidación.

En canto a liquidación do exercicio 2020 remítome ó informe emitido pola que subscribe en relación o citado documento. (informe que se acompaña ó expediente).

6) - MEMORIA

Este estado contable completa, amplía e comenta a información contida nos outros estados da conta anual e contén a información que se establece na Instrución de Contabilidade:

1. Organización e actividade.
2. Xestión indirecta dos servizos públicos, convenios e outras formas de colaboración.
3. Bases de presentación das contas.
4. Normas de valoración.
5. Inmobilizacións materiais. Inversións destinadas ao uso xeral.
6. Patrimonio Público do Solo.
7. Inversións Inmobiliarias. mobilizacións inmateriais.
8. Inmobilizado intanxible.
9. Arrendamentos financeiros e outras operacións similares.
10. Activos financeiros.
11. Pasivos financeiros.
12. Coberturas contables.
13. Activos construídos ou adquiridos para outras administracións.
14. Moeda estranxeira.
15. Transferencias, subvencións e outros ingresos e gastos.
16. Provisións e continxencias.
17. Información sobre medio ambiente.
18. Activos en Estado de Venta.
19. Presentación por actividade da conta do resultado económico-patrimonial.
20. Operacións por administración de recursos por conta doutros entes públicos.
21. Operacións non presupostarias de tesourería.
22. Contratación administrativa . Procedementos de adxudicación.
23. Valores recibidos en depósito.
24. Información presupostaria.
25. Indicadores financeiros, patrimoniais e presupostarios.
26. Información sobre o custe das actividades.
27. Indicadores de xestión
28. Feitos posteriores ao peche.

O detalle de cada apartado aparece na Memoria, debéndose destacar:



a) Os apartados que figuran sen datos ou cos datos a cero, significa que o organismo autónomo non ten movementos desa natureza. Por exemplo Patrimonio Público do solo, Activos construídos ou adquiridos para outras administracións, Operacións por administración de recursos por conta doutros entes públicos, ..etc.

b) O apartado 22 en relación á contratación administrativa obtense en función dos datos que se van rexistrando na contabilidade.

c) O apartado 25, Indicadores financeiros patrimoniais e presupostarios, non é obrigatorio para as entidades con poboación inferior a 50.000 habitantes, sen embargo incorporase como información adicional.

d) Os apartados 26 e 27, Información sobre o custe das actividades e Indicadores de xestión, son obrigatorios dende as contas anuais do exercicio 2017, sen embargo ao non traballar a Fundación de Deportes con centros de custe estes datos deben cubrirse manualmente na plataforma da rendición de contas ao Consello de Contas.

e) Dentro da memoria tamén se incorpora o Estado de Tesourería, onde aparece o movemento das distintas contas da tesourería do Organismo autónomo e o saldo final, coincidindo cos saldos que reflexa a acta de arqueo e os certificados bancarios.

f) Por último, mención á parte merece ser tratado o Estado de Remanente de Tesourería, pois o artigo 191.2 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece que o Remanente de Tesourería virá dado pola diferenza entre as obrigacións recoñecidas e liquidadas non satisfeitas a 31 de decembro e os dereitos pendentes de cobro e os fondos líquidos do derradeiro día de exercicio, tendo en conta que se poderán minorar polos dereitos pendentes de cobro que se consideran de difícil ou imposible recadación, asemade a cuantificación do Remanente deberá realizarse tendo en conta os posibles ingresos afectados.

Calculado así, segundo o define o mencionado artigo 191.2 o resultado é positivo por importe de 266.031,84 €, o que quere dicir que se o OOAA cobrara todo o que ten pendente e pagara

tódalas obrigacións a 31 de decembro de 2018, quedarían na Caixa 266.031,84 €, non estando afectos a gastos con financiamento afectado, e sendo polo tanto o Remanente para gastos xerais de 244.561,72 €, tendo en conta que no cálculo do Remanente de Tesourería, se consideraron saldos de dubidoso cobro polo importe de 21.470,12 €, calculados segundo establecen as bases de execución do orzamento.

B-OUTROS DATOS DE INTERESE

1-EXPEDIENTES RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

Durante o exercicio 2020 aprobouse un expediente de Recoñecemento extraxudicial de créditos debido a presentación das correspondentes facturas fora do exercicio presupostario. En este caso, o expediente non desvirtúan a execución do orzamento debido a cantidade que representan: expediente nº 1 por importe de 4.480,29 €, correspondense con facturas de suministro de enerxía eléctrica e gas natural presentadas extemporaneamente.

2-REPAROS

O 30 de decembro de 2020 emitiuse informe de reparo suspensivo en relación ás facturas nº 20378 e 20411 da empresa Troquiña S.L. correspondentes aos traballos de mantemento vexetal nalgunhas instalación Deportivas dos meses de novembro e decembro de 2020, por non cumprir o expediente con requisitos ou trámites esenciais que puideran dar lugar a nulidade do acto, ao non seguir o procedemento de contratación que corresponde en función do importe do contrato e superar os umbrais establecidos no artigo 118.1 da Lei de Contratos do Sector Público.

Con data 30 de decembro de 2020 emítense Resolución de levantamento de reparos do Presidente da Fundación de Deportes por non poder tramitarse o devandito contrato ao estar pendente dun posible convenio co Club Arousa S.C. e por tratarse de traballos esenciais para levar a cabo os adestramentos e competicións oficiais, debendo tramitarse canto antes o correspondente contrato cos cambios que procedan.

C-ASPECTOS RELATIVOS AO RD 424/2017 DE CONTROL INTERNO DAS ENTIDADES LOCALES.

De conformidade co artigo 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e desenvolvido polo Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, deberá elaborarse un informe resume dos resultados do control interno, con carácter anual e con ocasión da aprobación da conta xeral, que deberá remitirse ao pleno no primeiro cuadrimestre do ano seguinte e recollerá os resultados mais significativos derivados das actuación de control financeiro e da función interventora. Con data 29 de abril de 2021 elaborouse o citado informe, que se acompaña a este expediente.

En relación ao control financeiro e segundo o establecido no artigo 29.3.A) do RD 4242/2017 para a auditoría de contas, que no caso dos organismos autónomos corresponde ao Interventor da Entidade Local, queda a disposición da Intervención do Concello de Vilagarcía de Arousa toda a documentación necesaria para a realización da mesma.

D-TRAMITACIÓN DA CONTA XERAL

Rematado o exercicio económico de 2020, a Intervención procederá, antes do día primeiro de marzo, a practica-la Liquidación do Presuposto deste exercicio, segundo regula o artigo 191 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, á súa vez a Intervención Delegada do OOAA FPSDM procederá á elaboración da Liquidación do Presuposto do Organismo Autónomo, que se remitirá á Entidade Local, antes do un de marzo, informada pola Intervención correspondente e proposta polo Órgano competente do Organismo Autónomo. A aprobación da Liquidación do Presuposto corresponde ó Presidente da Entidade Local, despois do informe da Intervención, do cal se dará conta ó Pleno na primeira sesión que este celebre e remitirase copia íntegra á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma, antes de remata-lo mes de marzo, tal como preceptúa o artigo 193.5 do Texto Refundido da LRHL.



No caso de Liquidación do Presuposto con Remanente de Tesourería negativo, segundo establece o artigo 193 do citado Real Decreto Lei, poderá optarse pola redución de gastos do novo Presuposto por contía igual ó déficit producido, no caso de non ser posible, poderase acudir a unha operación de crédito nos termos que sinala o artigo 177.5 do R.D.L., ou no caso de non prospera-las anteriores o presuposto do exercicio seguinte terá que aprobarse con un superávit inicial de contía non inferior ó déficit do Remanente de Tesourería.

Seguidamente procederase pola Intervención, á tramitación dos Estados e Contas do OAAA, antes do 15 de maio para que unha vez rendidas e propostas polo Órgano Competente (Consello Reitor) sexa remitida á Entidade Local no mesmo prazo, para unha vez formado a Conta Xeral da Entidade Local, sometela a informe da comisión Especial de Contas antes do día 1 de xuño, segundo se regula no artigo 212 e seguintes do mencionado R.D.L., así coma na Instrución de Contabilidade, establecendo ademais, os estados e documentos que acompañarán á Conta Xeral.

A Conta Xeral xunto co informe da Comisión Especial de Contas, exporase ó público por quince días, por medio de Edictos, no B. O .P. e no taboleiro de anuncios da Corporación, durante os cales, e oito días máis, admitiranse as reclamacións, reparos e observacións que se formulen por escrito.

No caso de que se presenten reclamacións serán examinadas pola Comisión Especial de contas, que practicará cantas comprobacións estime necesarias para o mellor esclarecemento e emitirá novo informe, de acordo co que proceda.

Seguidamente a Conta Xeral acompañada dos informes da Comisión Especial de Contas e das reclamacións e reparos formulados, someterase ó Pleno da Corporación para que no seu caso poida ser aprobada antes do día 1 de outubro.

Posteriormente renderase ó Tribunal de Contas antes do 15 de outubro, a Conta Xeral debidamente aprobada.



No caso en que a Conta Anual da Fundación de Deportes non poidan ser sometida ao Consello Reitor previamente á súa remisión a Comisión Especial de contas, por non estar convocado, ou próximo a convocar, o citado órgano, remitirase sen este trámite e cumprirse co mesmo o antes posible, en todo caso sempre antes da aprobación da Conta Xeral polo Pleno da Corporación.

No presente caso o expediente da Conta Xeral 2020 leva uns días de retraso sobre o calendario previsto legalmente.

Vilagarcía de Arousa, asinado dixitalmente.

A INTERVENTORA DELEGADA DO OAAA.

ROSA M^a OTERO PIÑEIRO